

A C T A 14/2020

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE PLENO MUNICIPAL

- 30 DE NOVIEMBRE DE 2020 -

Na Casa do Concello, a trinta de novembro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a María Josefa Argibay da Silva

D.^a Carmen Diéguez González

D. Manuel Barreiro Rozados

Non asisten, previa escusa:

D.^a Iria Otero Romero

D.^a María Teresa Castro Framil

D. José Manuel Elías Noya

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE TRANSFERENCIA DENDE AS PARTIDAS PREVIAMENTE AFECTADAS POLO AND REVOGADO

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira de Son de Teo-Anova, D.^a Iria Otero Romero, do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. José Manuel Elías Noya, e da concelleira do PP, D.^a M^a Teresa Castro Framil, que non poden asistir por motivos laborais.

Explica así mesmo que agora mesmo lle acaban de comunicar que non vai a asistir a Interventora municipal, porque se atopa mal.

O sr. alcalde explica que este Pleno ven motivado por un aviso da Intervención con respecto a levar conxuntamente os dous temas económicos, polo que se refixo a proposta, se informou favorablemente pola Intervención e agora se vai a proceder ao seu debate e votación.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

O sr. alcalde explica a urxencia está motivada polo feito de que a modificación de créditos ten o mesmo tratamento que a aprobación dos orzamentos, e hai 15 días hábiles de exposición ao público, e haberá que ver se polo menos quedan catro días

para poder distribuír os fondos non gastados do orzamento municipal para facer un óptimo aproveitamento dos recursos.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda ratificar a urxencia da convocatoria, de conformidade cos artigos 46.2 b) da LRBRL, 79 do ROF e 19 do ROM.

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS.

Ao tratarse dun asunto non ditaminado pola correspondente Comisión Informativa, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (3 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde explica que o acordo de non dispoñibilidade era, no seu momento, unha imposición legal, e acatouse, aínda que se puidera discrepar no fondo da cuestión, porque era de obrigado cumprimento e así o fixeron, e agora que se lles comunica que eses fondos poden ser utilizados, se vai a sacar esa non dispoñibilidade de crédito, ben entendido que hai algúns créditos desas partidas que non se van a tocar, como se ve no segundo punto que é o relativo á transferencia de crédito, onde se ve que se utiliza un 35 ou 40 por cento deses fondos.

O sr. alcalde da conta da proposición de 27 de novembro de 2020, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS

Considerando que o Pleno municipal na sesión extraordinaria do 14.10.2020 acordou aprobar o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2020 por importe de 525.000€, en resposta ao escrito da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia no que constataba o incumprimento no primeiro ano de vixencia do PEF.

Considerando que o Consello de Ministros na sesión do 6 de outubro de 2020 adoptou o acordo de suspender o acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020 polo que se axustaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións, suspendendo a aplicación das regras fiscais nos exercicios 2020 e 2021.

Considerando que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos europeos, mediante escrito de SIR (Rex. 900, núm. Entrada 1613, do 13 de novembro de 2020), comunica o citado acordo ministerial e especifica, entre outras medidas, que “Os AND adoptados polos incumprimentos derivados da liquidación de 2019, ou como medida dun PEF en vigor, poderán ser revocados previo acordo de pleno da entidade”

ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto o acordo plenario do 14.10.2020 de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2020 por importe de 525.000€, quedando este revogado.

Teo, 27 de novembro de 2020

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que quere facer fincapé no que dixo no seu momento, coa proposta dos 525.000 euros que se levou ao Pleno e que hoxe se quere a anular. Sinala que eses cartos eran para remendos do 2018, e sempre é un pouco o mesmo, derivado dunha mala planificación, de feito existiu un apercebimento da Xunta de Galicia, a través de

política financeira. Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (3 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:

Primeiro.- Deixar sen efecto o acordo plenario do 14.10.2020 de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2020 por importe de 525.000€, quedando este revogado.

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE TRANSFERENCIA DENDE AS PARTIDAS PREVIAMENTE AFECTADAS POLO AND REVOGADO.

Ao igual que no punto anterior, ao tratarse dun asunto no ditaminado pola correspondente Comisión Informativa, debe procederse a ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (3 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición do 27 de novembro de 2020, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE TRANSFERENCIA DENDE AS PARTIDAS PREVIAMENTE AFECTADAS POLO AND REVOGADO

Considerando que tralo escrito da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos europeos (SIR: Rex. 900, núm. Entrada 1613, do 13 de novembro de 2020), no que especificaba que “Os AND adoptados polos incumprimentos derivados da

liquidación de 2019, ou como medida dun PEF en vigor, poderán ser revocados previo acordo de pleno da entidade”, e así está proposto para acordo previo deste Pleno

Considerando que, ao deixar sen efecto este acordo de non dispoñibilidade de créditos, é necesario realizar transferencias que permitan a súa utilización do xeito máis efectivo, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as seguintes transferencias de crédito das partidas afectadas:

Procedencia	Destino	Importe
011/91100	162/22799	110.000€
430/60900	161/22100	20.000€
440/22602	162/22799	5.000€
933/68100	165/22100	80.000€

Segundo.- Expoñer as citadas transferencias de crédito ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será inxerida no Boletín Oficial da Provincia.

Teo, 27 de novembro de 2020

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que coa transferencia se pretende completar o proceso, engadindo que máis ou menos afecta a un 30 ou 35 por cento do total do acordo de non dispoñibilidade, que é o que se considera necesario para optimizar o gasto durante este exercicio. Sinala que, con estas medidas, se pretende deixar ben pechado este ano, para non ter que recorrer a un recoñecemento extraxudicial o ano que ben.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas quendas da intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo felicita ao sr. alcalde pola decisión do outro día, de retirar o punto da orde do día, porque era unha cuestión a todas luces bastante grave, porque o informe era preceptivo, e polo tanto era un feito impugnabile e anulable e por suposto nulo de pleno dereito, e a Lei está para cumprirse e nisto teñen que ser exemplarizantes.

Signala a sra. Calvo que se observa que os créditos existentes nas partidas son insuficientes, polo que hai que ter máis planificación e as partidas teñen que ser máis realistas, debéndose aprobar un orzamento con partidas realistas e evitar este tipo de cuestións. Signala que con estas transferencias de crédito se pon de manifesto, unha vez máis, que non se pode facer fronte aos gastos básicos, sendo que neste caso as partidas que se van a dotar son residuos, auga e alumeadado.

Salienta a sra. Calvo que o PP de Teo non quere, sempre que se axuste á lei, entorpecer ou obstaculizar os pagos, polo tanto, como sempre, por responsabilidade, polo concello e polos veciños, se van a abster.

O sr. alcalde agradece a postura do PP e dos demais grupos. Explica que a súa intención é someter a Pleno, canto antes, os orzamentos, que están bastante avanzados no que é a redacción faltando en todo caso a interlocución que se poida ter.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (3 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes transferencias de crédito das partidas afectadas:

Procedencia	Destino	Importe
011/91100	162/22799	110.000€
430/60900	161/22100	20.000€
440/22602	162/22799	5.000€
933/68100	165/22100	80.000€

Segundo.- Expoñer as citadas transferencias de crédito ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será inxerida no Boletín Oficial da Provincia.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz